

Bases legais do concurso de fotos en Instagram

#MásQueUnaTorre

1. ENTIDADE ORGANIZADORA E OBXECTIVO

O consorcio de Turismo e Congresos da Coruña (en diante, o Consorcio), organiza un concurso fotográfico na rede social Instagram titulado **#MásQueUnaTorre**, dentro das actividades do IX aniversario do monumento na Lista do Patrimonio mundial.

Os concursantes deberán presentar fotografías nas que se represente unha actividade (lúdica, social, produtiva, deportiva, etc.) realizada na contorna da Torre de Hércules, na que o monumento apareza en segundo plano ou como elemento secundario.

2. PERÍODO PROMOCIONAL E ÁMBITO DE APLICACIÓN

A campaña desenvolverase durante o período comprendido entre o venres **25 de maio e o domingo 10 de xuño**, ámbolos dous inclusive.

O Consorcio resérvase o dereito de ampliar ou de modificar as datas da promoción se o considera oportuno, comunicando aos participantes os ditos cambios.

A promoción está dirixida a persoas maiores de 18 anos residentes en España.

O Consorcio resérvase o dereito de eliminar a calquera participante que defraude, altere ou inutilice o bo funcionamento e o transcurso normal e regulamentario da presente promoción ou a aquel do que se evidencie ou se sospeite unha actuación irregular no sentido descrito.

3. MECÁNICA, MODO DE PARTICIPACIÓN E SELECCIÓN DE GAÑADORES

Durante o **período promocional**, as persoas que desexen participar deberán:

- Comezar a seguir á Torre de Hércules (@torrehercules) coa súa conta persoal de Instagram se é que aínda non o facían.
- Subir unha foto á súa propia conta de Instagram na que o elemento principal sexa unha actividade desenvolvida na contorna da Torre de Hércules. O monumento tamén deberá aparecer, aínda que sexa en segundo plano ou como elemento secundario.
- Na devandita foto debe etiquetarse a Torre de Hércules (usuario @torrehercules) e utilizar o hashtag #MásQueUnaTorre

Desde o perfil de Instagram @torrehercules, e mentres o concurso estea aberto, iranse reposteando as fotos das persoas participantes, xunto coa descrición enviada. No caso de que chegue unha grande cantidade de imaxes, poderase facer unha selección para repostar.

A maiores, e xa fóra de concurso, poderanse publicar algunhas ou todas as fotos nas redes sociais da Torre de Hércules, tanto no Twitter como no Facebook.

4. SELECCIÓN DOS GAÑADORES

A selección dos gañadores realizarase durante os días **11 e 12 de xuño**.

- As dúas persoas gañadoras dos premios principais serán elixidas por un xurado formado por unha persoa representante do Consorcio, por un fotógrafo local residente na Coruña e por outro fotógrafo non residente, de fóra do ámbito da Coruña.
- A persoa gañadora do terceiro premio será aquela cuxa fotografía conte con maior número de Gústame no momento de peche do concurso, ás 23:59 do domingo 10 de xuño.
- Seleccionaranse ademais outras 17 fotografías coa maior cantidade de 'Gústame'.

Comprobarase que as fotos gañadoras cumpren todos os requisitos das bases legais e descartaranse automaticamente do concurso os participantes que usen métodos fraudulentos de conseguir '**Gústame**'.

En total serán 20 as persoas gañadoras, que participarán coa súa fotografía, na exposición fotográfica que organizará a Torre de Hércules con motivo do seu 9º aniversario no Patrimonio Mundial.

Ademais das persoas gañadoras principais, seleccionaranse suplentes para evitar que os premios queden desertos.

5. PREMIO

Os premios consistirán en:

- **1 Mellor foto residente da Coruña: 250€ + participación na exposición fotográfica**
- **1 Mellor foto residente doutra cidade: 250€ + participación na exposición fotográfica**
- **1 Mellor foto do público en Instagram: 100€ + participación na exposición fotográfica**
- **17 mellores fotos do público en Instagram: participación na exposición fotográfica**

As tres imaxes gañadoras máis as 17 con maior cantidade de gústame expoñeranse nunha mostra fotográfica que a Torre de Hércules organizará con motivo do seu 9º aniversario.

O gañador ten dereito a renunciar ao premio. O premio será intransferible, polo que a persoa física que teña resultado gañadora será a única beneficiaria do premio.

O premio en metálico estará suxeito ás retencións que sexan preceptivas en materia tributaria. Os gañadores comprométese a enviar o "recibí" do premio cando lles sexa requirido.

6. COMUNICACIÓN DOS GAÑADORES

A comunicación oficial dos gañadores realizarase o **mércores 13 de xuño** de forma pública a través do perfil de Instagram, así como de forma privada enviando unha mensaxe ou email aos gañadores, na que se lles solicitarán os seguintes datos:

- Datos persoais: nome e apelidos, enderezo e teléfono, idade, DNI e número de conta bancaria para realizar a transferencia do premio (cando proceda)
- Fotografía en formato dixital presentada ó concurso en alta resolución para imprenta (300ppp). Imprimíranse sobre cartón pluma de 2(h)x1m, con marco metálico para darlles solidez.

Os gañadores/as deberán facer o envío das fotografías en calidade de imprenta de cara á exposición fotográfica. A fotografía debe ser enviada antes do xoves 14 de xuño as 22 horas, á dirección de correo electrónico: torredehercules@coruna.estorredehercules@coruna.es.

Tamén se comunicarán os gañadores de forma pública no Twitter e Facebook da Torre de Hércules e na páxina web <http://www.torredeherculesacoruna.com/>

7. DATOS PERSOAIS

Os datos que os participantes proporcionen formarán parte dun ficheiro “Promocións e concursos”, titularidade do Consorcio, debidamente inscrito no Rexistro Xeral da AEPD, cuxa finalidade é a de xestionar os datos de persoas que voluntariamente participen nas promocións e concursos organizados polo Consorcio para promover a cidade.

Os participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito ao Rexistro de entrada do Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, R/Sol, Edificio Sol s/n, 15003 A Coruña.

8. DAS FOTOGRAFÍAS

Nas fotografías participantes deberase representar unha actividade (lúdica, social, produtiva, deportiva, etc.) realizada na contorna da Torre de Hércules, na que o monumento apareza en segundo plano ou como elemento secundario.

As fotografías participantes deberán ser da autoría do usuario/a que as publique.

Se nas fotografías aparece algunha persoa que fose menor de idade na data da promoción, será requisito que se envíe xunto coa fotografía, un documento de autorización de cesión de dereitos de imaxe dos menores.

O Consorcio estará lexitimado en todo momento para non tomar en consideración a participación das fotografías que:

- a) Sexan de contido ofensivo, denigrante para as persoas, animais, crenzas, usos e bos costumes.
- b) Atenten contra os dereitos de intimidade, honra e propia imaxe de terceiros, ou que conteñan, a modo enunciativo pero non limitativo, connotacións racistas, sexistas, homófobas e/ou discriminatorias, comentarios, imaxes, etc. obscenos, lascivos, difamatorios ou calquera outros que atenten contra a dignidade de terceiros, contra a moral e/o contra a orde pública, que inciten ou se refiran á violencia, a prácticas perigosas, comportamentos negligentes, imprudentes ou ilegais, e que resulten contrarios ao bo gusto, os bos costumes e todos aqueles traballos que poidan causar rexeitamento social.
- c) Non sexan de contido orixinal.

d) Sexan ofensivos contra Torre de Hércules ou Turismo da Coruña ou conteñan calquera tipo de publicidade ou reclamo de entidade, marca, ou produto.

e) Se realicen en lugares perigosos.

f) Non respecten a imaxe da Torre de Hércules como Patrimonio Mundial.

9. UTILIZACIÓN DO NOME, IMAXE DOS PARTICIPANTES.

Os participantes prestan o seu consentimento expreso ao Consorcio, no caso de que esta entidade decidise utilizar o nome ou a imaxe en calquera soporte de comunicación incluídas páxinas web e redes sociais etc., con fins comerciais ou informativas sempre que estas se relacionen coa presente promoción, sen que isto xere dereito a favor dos gañadores e finalistas a recibir contraprestación algunha por elo. Dito consentimento préstano de forma gratuíta, por elo, sen limitación territorial nin de soportes e coa vixencia temporal máxima establecida na lei.

10. DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL SOBRE AS FOTOGRAFÍAS PARTICIPANTES

Os autores das fotografías participantes ceden de forma gratuíta ao Consorcio en exclusiva, quen adquire, de maneira universal e por territorio e tempo ilimitados, libre de regalías, todos os dereitos de explotación das fotografías incluídos os dereitos de reprodución e comunicación pública, de transformación e de distribución, para calquera soporte de comunicación e medio.

11. FRAUDE

O non cumprimento polos participantes das condicións aquí descritas lexitimará ao Consorcio a tomar as medidas pertinentes destinadas a evitar abusos e fraudes, eximindo ao mesmo da entrega de premios ou regalos aos que non cumpran os requirimentos aquí especificados. Quedarán excluídos da presente acción promocional aqueles usuarios ou participantes que faciliten datos falsos ou que utilicen contas de correo electrónico creadas ad hoc ou a mantenta para suplantar a terceiras persoas, o que comporta unha actuación de engano e fraude, non só con respecto ás presentes bases, senón con respecto ao resto de participantes da acción promocional. O Consorcio resérvase o dereito de dar de baixa a aqueles que estean facendo un mal uso da promoción, realicen actos de fraude ou que prexudiquen a outros participantes. No caso de que o Consorcio ou calquera entidade que estea ligada profesionalmente a esta promoción detecten calquera anomalía ou sospeiten que un participante estea impedindo o normal desenvolvemento da promoción alterando ilegalmente os seus rexistros mediante calquera procedemento técnico ou informático, ou levando a cabo calquera acto de fraude que contraveña a transparencia da promoción, o Consorcio resérvase o dereito de dar de baixa ou incluso de retirar o premio de forma automática e sen explicación de ningún tipo, a todos aqueles participantes que se teñan beneficiado de forma directa ou indirecta deste tipo de actuacións, podendo ademais exercer todas as accións civís ou penais que puidesen corresponder. No caso de que o Consorcio detecte calquera anomalía ou sospeite que un participante estea a impedir o normal desenvolvemento na súa participación na presente promoción, alterando ilegalmente o seu rexistro ou a súa participación mediante calquera procedemento, técnico ou informático para así falsear a súa participación, poderá de forma unilateral eliminar a inscrición dese participante. Polo tanto, o Consorcio resérvase o dereito de

eliminar do rexistro calquera participante que evidencie ou do que se sospeite unha actuación irregular no sentido descrito, sen notificación algunha ao mesmo.

12. RESPONSABILIDADE

O Consorcio non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos, retrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros ou a Internet que poidan afectar ao desenvolvemento do concurso.

En ningún caso o Consorcio será responsable dos servizos que calquera outra entidade coa que este colabore, preste ao gañador como consecuencia do premio entregado. O Consorcio exímese de toda responsabilidade das incidencias, retrasos ou faltas, que puidesen producirse na entrega ou recepción dos premios, xa que tal responsabilidade corresponde ao provedor do premio.

A obrigaón do Consorcio queda limitada a entregar o premio ofrecido nas condicións sinaladas e cos requirimentos establecidos nas presentes Bases. En consecuencia, o Consorcio non será responsable de ningún dano ou prexuízo, de calquera natureza, que puidese sufrir o gañador e/ou un terceiro, con motivo de ou en relación coa obtención e posterior uso do premio.

En todo caso, tratándose da Internet, o Consorcio exclúe calquera responsabilidade polos danos e prexuízos de toda a natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puidesen deberse a utilización indebida dos servizos e dos contidos por parte dos usuarios e de terceiros alleos ao Consorcio, e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e prexuízos de toda natureza que poidan deberse á suplantación da personalidade dun terceiro efectuada por un usuario en calquera clase de comunicación realizada a través da Internet.

13. ACEPTACIÓN DAS BASES.

Todos os participantes comprométese polo simple feito de participar, á aceptación das condicións expresadas nas presentes bases.

Para o coñecemento de calquera litixio que puidese exporse en canto á interpretación ou aplicación das presentes bases, tanto o Consorcio como os participantes desta promoción, sométese expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais da Coruña, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles.

O Consorcio resérvase o dereito de modificar aspectos non substanciais da promoción se as circunstancias o esixen.

Bases dispoñibles na web www.torredeherculesacoruna.com

14. AVISO

A promoción non está patrocinada, avalada nin administrada por Instagram, nin asociada en modo algún a Instagram, polo que a plataforma está exonerada de toda responsabilidade por parte de cada concursante ou participante.

